

## Colectivo SETE

Pode que poucas cousas teñan máis importancia y un valer máis fondo prá xente y prá identidade d'unha terra ou unha comarca qu'a cultura de noso. A cultura entendida como ese patrimonio del que somos heredeiros, qu'estreita lazos y nos achega, y á que nos corresponde a todos un pouco esa responsabilidade de respetar y axudar a manter.

Dende sempre a lo miyor, pero muito máis dende hai un tempo, pasando porriba de todo esto, tamos vendo cómo, cuando as cousas parecen vir mal dadas y os cuartos empezan a escasiar nos presupostos de quen decide, a aposta pola programación d'actividades culturais, a axuda a os axentes (asociacións y outras entidades, escritores, músicos, investigadores...) ou pola continuidade d'algunos servicios municipales ou comarcales que fain unha labor relacionada, deixan de ser, xa non a prioridá que nunca foron, senón, algo siquiera digno de contemplar.

¿Cómo se non explicar el peche da Oficina de Coordinación d'Actividades Culturales y Política Lingüística da Mancomunidad Ozcos-Eo ou da Biblioteca de Samartín d'Ozcos hai pouco? Ta claro que quizáis, por un lao, seña un problema de cuartos pero tamén de voluntá política y d'aposta decidida en base a un criterio único, pensao y firme por parte dos concellos y corporacións municipales de qué queren fer coa nosa cultura, porque en ningún caso se pode deixar nas maos cortoplacistas dos tempos políticos nin instrumentalizala pra sacar quen sabe qué réditos partidistas.

Nel caso da Oficina de Coordinación d'Actividades Culturales y Política Lingüística da Mancomunidad Ozcos-Eo, dende qu'abriu hai dous anos, foi unha axuda importante pra programación cultural das asociacións y demais axentes culturales y, porriba de todo, pral avance na normalización social del Eonaviego, peza y fin fundamental, nestos concellos nosos tan esquecidos sempre. Así, aparte de reclamar que se volva abrir nunhas condicións dignas y lo máis estables posibles esta oficina cuanto antes (al igual qu'a Biblioteca de Samartín), pensamos que fai falta certo compromiso da Mancomunidad y dos concellos á hora, polo menos, de valorar el trabayo qu'este servicio ofrecéu y pode ofrecer nunha comarca rural como a nosa en beneficio da cultura y a lingua propia, porque temos a evidencia ben cerca, na comarca del Navia, de que cuando unha entidade aposta convencida por un servicio parecido, éste funciona lamar de ben.

Cónstanos qu'estos servicios nun chegan a ser un coste mui grande dentro dos presupostos particulares dos distintos concellos y, nalgunos casos, hasta ningún.

Tendo claro esto, un criterio único y decisión abonda pra chegar a conseguilo, as ferramentas, pensamos, xa las temos, solo hai qu'apostar por elas. Señores/as con responsabilidad nas corporacións locais, entidades comarcales, Consejería de Cultura y Deporte, Dirección Xeneral de Política Lingüística..., aposten por elo.

Este colectivo cívico, que demos en chamar SETE porque sete son os concellos da comarca Ozcos-Eo, ta composto por distintas asociacións, entidades y xente particular da comarca. El sou primeiro y máis importante fin, será, dende agora en adelante, denunciar públicamente cualquier situación d'inxusticia social que teña que ver col ámbito cultural na nosa comarca, sempre dende a idea y el criterio práctico de qu'a cultura en xeneral y os axentes culturales en particular, xogan un papel importante na miyora da sociedade y, por tanto, tein que ser valoraos y reivindicados de xeito xusto.